



## V Festival de Contidos Dixitais – CARBALLO INTERPLAY

### PREMIO AO PROXECTO DE WEBSERIE EN GALEGO 2018

#### OBXECTO

O Carballo Interplay, na súa V edición, que terá lugar en Carballo do 5 ao 7 de abril de 2018, convoca o premio a proxectos de webserie en galego, que ten por obxectivo a incentivación e o fomento da creación e a difusión de contidos audiovisuais orixinais en lingua galega en internet.

#### CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS

Os proxectos presentados a este premio deben estar referidos á creación de contidos audiovisuais que han reunir as seguintes características básicas:

- Deben ser creacións audiovisuais propias e orixinais.
- Poden ser de imaxe real, animación, stop motion, técnica combinada, etc.
- As creacións audiovisuais deben estar pensadas para seren publicadas e difundidas a través de internet e mediante capítulos, episodios ou partes (como mínimo tres).
- Non hai ningún tipo de restrición de temática, xénero, estilo, nin persoas destinatarias, sempre que non conteñan ningún tipo de contido ofensivo contra ninguén.
- Deben ser gravadas orixinalmente en galego e esta debe ser a lingua do seu título e créditos.

#### PREMIO

O premio ten unha dotación económica de 1.500 euros e deberá destinarse exclusivamente á produción de, polo menos, tres vídeos da webserie do proxecto premiado.

O premio estará suxeito ás posibles retencións fiscais que a lei estableza.

#### PRAZO

Poderán presentarse proxectos dende a publicación das bases ata o 18 de marzo de 2018.

#### DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

Os/as solicitantes deberán enviar ao enderezo electrónico [direccion@carballointerplay.com](mailto:direccion@carballointerplay.com), e indicando no asunto do correo "Proxecto de webserie en galego", a seguinte documentación nun arquivo en formato pdf.

- Historial profesional do/a solicitante, persoa, entidade ou produtora.
- Sinopse do proxecto (máximo 1 páxina).
- Memoria explicativa do proxecto (máximo 5 páxinas).
- Guión definitivo do primeiro capítulo.
- Calendario da produción.
- Currículo do equipo técnico e artístico.
- Plan de comunicación e presenza en RRSS.
- Ligazón a *teaser* visual da webserie.
- Calquera outra documentación que o/a solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

#### PROXECTOS FINALISTAS

O comité de selección nomeado para o caso escollerá os proxectos finalistas.

Os/as responsables dos proxectos finalistas terán que defender o seu proxecto facendo un *piching* nun tempo máximo de 15 minutos ante os/as membros do xurado específico para esta convocatoria, coa intención de convencer da calidade, orixinalidade, necesidade e viabilidade do proxecto.

O xurado poderá facer preguntas para coñecer mellor o proxecto presentado.

O *piching* será aberto ao público e terá lugar dentro da programación do festival.

### **XURADO ESPECÍFICO**

O xurado específico estará composto por persoas de recoñecida capacidade dos ámbitos do audiovisual, da creación en rede e da normalización lingüística, un representante do Concello de Carballo e un representante do equipo directivo do festival. O xurado específico publicarase na páxina web do festival.

Valorarase a creatividade e a orixinalidade da proposta, a calidade creativa e audiovisual e o impacto favorable para a posta en valor do galego, así como a súa viabilidade de cara á produción.

O Concello de Carballo resérvase o dereito de deixar deserto o premio no caso de non concorreren a concurso un mínimo de tres proxectos finalistas.

O proxecto de webserie premiada farase público o día da gala de entrega de premios do festival. Cando menos un/ha dos/as representantes de cada proxecto finalista deberá estar presentes na devandita gala.

### **OBRIGAS DO/A BENEFICIARIO/A**

Polo menos tres vídeos da serie web resultante deberán estar finalizados para ser estreados na VI Edición do Festival CARBALLO INTERPLAY.

O resultado da webserie premiada deberá axustarse ao proxecto presentado.

A webserie debe estar rodada en VO galego.

Nos títulos de crédito iniciais da produción deberá figurar en cartón único: "Co apoio do Concello de Carballo e do Festival Carballo Interplay".

Na documentación do proxecto (materiais de promoción e distribución) e nos títulos de crédito da produción resultante, páxina web, etc., farase constar que recibiu o premio a proxecto de webserie en galego do festival CARBALLO INTERPLAY. O Concello de Carballo facilitará os logotipos pertinentes.

Os/as beneficiarios/as danlle a autorización expresa ao Concello de Carballo para a utilización da produción subvencionada co obxecto da súa sociabilización nas actividades de promoción e difusión que corresponden.

### **DEREITOS DE EXHIBICIÓN**

Ao enviaren os materiais a concurso os/as titulares/as están a declarar implicitamente seren os/as propietarios/as e estaren autorizados/as para utilizar todos os dereitos sobre a música, vídeo e efectos que figuran na webserie. O festival non se fará responsable das reclamacións que xurdan do incumprimento dos/as creadores/as ou produtoras que presenten unha webserie de non posuír axeitadamente os dereitos sobre o material que envíe.

### **ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN**

A presentación de proxectos ao premio implican a aceptación destas bases.